



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

Convocatoria do procedemento excepcional de recoñecemento de grao profesional en aplicación do sistema transitorio previsto no artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Mugardos

Actividade: Disposicións Normativas

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derogación)

Expediente: 2292/2022.- Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no concello de Mugardos

Trámite: Publicación.- Anuncio publicación da resolución convocatoria e bases procedemento extraordinario recoñecemento de grao profesional ao abeiro do réxime transitorio do artigo 12 do Regulamento

ANUNCIO

Pola presente dáse publicidade á **Resolución de Alcaldía núm. de 3 de febreiro de 2026** pola que se procede a convocar o procedemento excepcional de recoñecemento de grao profesional en aplicación do sistema transitorio previsto no artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Mugardos (BOP n.º 216, de 11 de novembro de 2025) e os seus Anexos:

“Con data 11 de novembro de 2025 publicouse no BOP n.º 216, o Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Mugardos, dando traslado á Mesa Xeral de Negociación realizada o 25 de novembro de 2025 do Programa de entrada en vigor por fases, asinado pola Alcaldía con data 20 de novembro de 2025.

É obxecto da presente Resolución proceder a dar efectividade ás previsións excepcionais establecidas no artigo 12 do Regulamento. Baixo a denominación de “**RÉXIME TRANSITORIO E EXCEPCIONALIDADE DE ENCADRE**”, establece:

“Acórdase entre as partes un sistema transitorio de recoñecemento da progresión da carreira que será tramitado no primeiro semestre dende a entrada en vigor da presente Carreira profesional, por unha sola vez, a un único grao, conforme o establecido nos artigos 4º 5º e 6º deste documento, para o que será tido en conta en exclusiva a formación adquirida segundo Anexo I.

Este sistema excepcional habilítase para acceder no grupo ou escala no que o/a empregado/a público/a estea en activo ou con reserva de praza o ano natural no que entre en vigor o presente regulamento.

O pagamento do complemento de carreira recoñecido e derivado do presente réxime se realizará mensualmente na cantidade correspondente.

Para optar ao recoñecemento inicial de grao todos/as os/as empregados/as públicos/as terán que ter contemplado o tempo mínimo de exercicio profesional establecido no acordo que regula a Carreira Profesional do persoal do Concello de Mugardos e acreditar o mínimo de horas de formación para todos os graos que lle correspondan. No caso de que exista persoal que no momento de entrada en vigor da carreira cumpra o mínimo de anos do grao que lle corresponda pero non teña a formación total esixida, terá un prazo de tres anos para acadar as horas de formación necesarias para poder acceder ao grao correspondente.

Para a aplicación deste sistema excepcional haberá de ter en conta que aquel persoal que durante o tempo de prestación de servizos no Concello de Mugardos tivese accedido, polo sistema de promoción interna vertical, a outro grupo/subgrupo ou escala, será encadrado no grao da carreira profesional do grupo/subgrupo ou escala no que estea en activo ou con reserva de praza o ano natural no que entre en vigor o presente regulamento, computándose para ente encadre de grao inicial todo o tempo de servizos e méritos logrados no Concello de Mugardos dende a data de incorporación ao Concello de Mugardos no caso dos traballadores laborais, no corpo/s ou escala/s dende os que se ten accedido, polo sistema de promoción interna vertical, ao grupo/subgrupo ou escala no que estea en activo ou con reserva de praza o ano natural no que entre en vigor o presente regulamento.

É dicir, que se computará o tempo de servizo prestado no Concello de Mugardos dende a data en que cada traballador/a asinará a súa primeira acta de toma de posesión, no caso de funcionarios e funcionarios interinos ou o seu primeiro contrato, como persoal laboral, indefinido non fixo, fixo discontinuo, ou temporal.”

Previsión que remite ao establecido nos artigos 4, 5 e 6 do Regulamento.

Segundo a Programación negociada:

“ ...

1. Réxime transitorio e excepcionalidade do encadre (artigo 12)

Será tramitado no primeiro semestre dende a entrada en vigor da presente Carreira profesional, por unha sola vez, a un único grao, conforme o establecido nos artigos 4º 5º e 6º deste documento, para o que será tido en conta en exclusiva a formación adquirida segundo Anexo I.

Sistema de aplicación:

- Convocatoria a publicar na segunda semana de xaneiro 2026 e irá acompañada de ficha comprensiva dos campos e documentación a achegar. A publicación levarase a cabo no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no taboleiro de anuncios físico, sen prexuízo da remisión de correo electrónico á conta oficial do concello como empregado/s públicos/as. Para tal efecto abrírase un trámite na sede electrónica para o procesamento electrónico da solicitude.

- Tendo sido eliminado o Anexo I na redacción definitiva do documento, a formación a ter en conta será a xeral por áreas marcada no Anexo obxectivos prioritarios xerais período 2025-2030.”

En atención ao exposto e á normativa municipal de referencia, por medio da presente e ao abeiro das facultades atribuídas nos artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o procedemento excepcional de recoñecemento de grao profesional en aplicación do sistema transitorio previsto no artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Mugardos (BOP n.º 216 , de 11 de novembro de 2025):

Primeiro.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1. A presente Resolución ten por obxecto convocar o proceso extraordinario de recoñecemento da progresión da carreira, por unha sola vez, a un único grao, conforme o establecido no artigo 12 e por remisión deste, nos artigos 4º 5º e 6º do Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello de Mugardos, con apertura do prazo para a presentación de solicitudes de 15 días hábiles.

2. Poderán participar o persoal e presentar a súa solicitude o persoal funcionario e laboral que preste servizos no Concello de Mugardos que se atope en situación de servizo activo ou en calquera outra que implique reserva de praza ou posto de traballo.

Segundo.- Requisitos de participación.

1. Os/as empregados/as solicitantes deberán acreditar o tempo mínimo de exercicio profesional e o mínimo de horas de formación para o grao a que opten segundo o establecido no artigo 5 do Regulamento, a 12 de novembro de 2025.

2. No caso de que exista persoal que no momento de entrada en vigor da carreira cumpra o mínimo de anos do grao que lle corresponda pero non teña a formación total esixida, na Resolución do procedemento farase constar tal indicación co cómputo de horas que corresponde recoñecer, e terá un prazo de tres anos para acadar as horas de formación necesarias para poder acceder ao grao correspondente.

3. Poderán solicitarse recoñecementos na progresión da carreira horizontal, soamente con efectos administrativos nos seguintes supostos:

a) Persoal pertencente ao Concello de Mugardos que non se atope en servizo activo desempeñando algún posto de traballo na entidade.

b) Persoal do Concello de Mugardos en situación de incapacidade temporal.

O grao de complemento de carreira recoñecido soamente con efectos administrativos producirá efectos económicos trala reincorporación do persoal á situación de servizo activo, para o que a persoa interesada deberá presentar a solicitude correspondente sirixida ao servizo de Persoal. Os efectos económicos serán automáticos coa incorporación da persoa traballadora tras a finalización da situación de incapacidade temporal.

Terceiro.- Procedemento.

1. Solicitude.

O acceso á carreira profesional horizontal ten carácter voluntario, polo que o procedemento para o recoñecemento de grao poso sistema transitorio extraordinario, se iniciará mediante a presentación da correspondente solicitude segundo

Anexo I e II, debendo indicarse a data desde a que se solicita a aplicación da carreira profesional. No caso de non indicarse, terase en conta a antigüidade recoñecida polo Concello de Mugardos.

Non se terán en conta os méritos non alegados expresamente pola persoa participante na solicitude e anexos, nin aqueles que non se acrediten de conformidade coas presentes Bases.

Como excepción, non será necesario achegar aqueles documentos que obren no expediente persoal sempre e cando se faga constar tal circunstancia ao cumprimentar os Anexos, lembrando con todo que a aportación dos documentos acreditativos dos cursos realizados no momento da solicitude permite axilizar a revisión das peticións e evita incidencias derivadas dos casos nos que no devandito expediente persoal, non conste o documento alegado.

O formulario de solicitude e de achega da documentación xustificativa estará dispoñible na sede electrónica do concello no enderezo <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>

A solicitude e documentación xustificativa segundo Anexos á presente Resolución, se presentarán na sede electrónica do Concello de Mugardos no enderezo <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0> a través do trámite electrónico aberto para tal fin.

2. Plazo de presentación de solicitudes.

As persoas interesadas disporán dun prazo de presentación de solicitudes de quince días hábiles a computar dende o día seguinte da publicación da convocatoria no BOP taboleiro de edictos e de anuncios da sede electrónica.

No caso de actuar a través de persoa representante, achegarse o documento acreditativo da representación segundo modelo Anexo III.

3. Modificación da solicitude.

Tan só se admitirá unha solicitude por empregado/a público, prevalecendo, no caso de que se presentase máis dunha petición, a achegada en último lugar conforme á data e hora que conste no correspondente rexistro.

4. Documentación acreditativa.

As solicitudes de participación deberán acompañar:

- Documentación acreditativa do tempo de servizos prestados no Concello de Mugardos e noutras Administracións Públicas no seu caso a través da correspondente certificación e cumplimentación do modelo Anexo II (desagregado por corpo/escala/categoría e grupo e subgrupo de clasificación profesional).

Lémbrese ás persoas solicitantes que no caso de servizos prestados no Concello de Mugardos, deberán marcar expresamente no formulario Anexo I que se proceda á incorporación de oficio de tal información.

- Documentación acreditativa das actividades formativas realizada e cumplimentación do modelo Anexo II para cada unha das tres áreas:
 - a) Administración electrónica e competencias dixitais.
 - b) Servizos públicos locais, xestión administrativa e atención á cidadanía.
 - c) Seguridade no traballo.

Para os efectos da valoración da formación recibida teranse en conta os seguintes criterios:

- * Todos os cursos ou xornadas de formación serán xustificados mediante certificado acreditativo no que conste o número de horas e o programa formativo, sen todo o cal non serán válidos.
- * Valoraranse cursos impartidos ou homologados por administracións públicas ou por outras entidades do sector público ou impartidos no ámbito da formación para o emprego ou acordos de formación continua.
- * Cursos cuxo contido dentro das áreas definidas estea relacionado coas funcións propias dos postos de traballo.
- * No caso de cursos de similar contido, só valorarase o de maior número de horas.
- * Non se valorarán as materias que formen parte dunha titulación académica, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración.

Para a valoración das horas de formación deberá presentarse o correspondente diploma ou certificación de asistencia, superación ou impartición sen prexuízo do xa indicado nas presentes Bases respecto dos cursos acreditados que xa consten no expediente persoal das persoas solicitantes.

As horas de formación serán acumulables entre cada un dos graos.

5. Tramitación.

Unha vez presentadas as solicitudes, o servizo de Persoal comprobará a documentación presentada verificando se se cumpren os requisitos para o acceso ao recoñecemento do grao solicitado, formulando a correspondente proposta de recoñecemento provisional de graos.

No caso de que a persoa solicitante cumprise co requisito de tempo de servizos prestados para o grao que lle corresponda pero non teña a formación total esixida, conforme ao artigo 12 do Regulamento e Base segunda, a proposta de resolución do procedemento fará constar tal indicación co cómputo de horas que corresponde recoñecer, e terá un prazo de tres anos para acadar as horas de formación necesarias para poder acceder ao grao correspondente.

De seguido abrirase un prazo de dez días hábiles para a presentación das alegacións que se estimen pertinentes, a partir do día seguinte á publicación da proposta de recoñecemento provisional de graos no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello.

Rematado o trámite, o servizo de persoal, tras os cambios que proceda realizar tras o estudo das alegacións presentadas, elevará a proposta ao Alcalde para que proceda á convocatoria da Comisión de seguimento e valoración da carreira profesional horizontal do Concello de Mugardos conforme ao artigo 7 do Regulamento.

Emitido ditame, o Alcalde ditará resolución do recoñecemento de graos, previo informe de intervención, no prazo de tres meses computados a partir da data de publicación do anuncio de apertura do procedemento, sendo o réxime do silencio administrativo aplicable, desestimatorio.

A resolución será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello.

Cuarta.- Recursos.

Contra a resolución que ponga fin ao procedemento, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación e notificación ou presentar recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, de conformidade coas Leis 39/2015, do 1 de outubro e 29/1998, do 13 de xullo, sen prexuízo da no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello

Quinta.- Efectos económicos.

De acordo coa Disposición Final do Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello de Mugardos, os efectos económicos do complemento retributivo asociado ao recoñecemento dos graos de progresión no sistema extraordinario da carreira administrativa horizontal das distintas convocatorias serán o 1 de xaneiro do ano seguinte.

SEGUNDO.- Proceder á publicación da convocatoria no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro de edictos do concello.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno e á Xunta de Goberno local na primeira sesión ordinaria que se realice.

ANEXO I – SOLICITUDE

RECOÑECIMENTO inicial de grao profesional ao abeiro do réxime transitorio do artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello de Mugardos (BOP NÚM. 216, DE DATA 11.11.2025)	
Datos da convocatoria extraordinaria	
Data anuncio Convocatoria:	Graos convocados: I, II, III e IV
1.- DATOS DA PERSOA INTERESADA	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	
2.- DATOS XERAIS DA RELACIÓN DE SERVIZO	
Tipo de relación: £ Funcionarial £ Laboral	
Corpo/Escala/Categoría:	
Grupo/Subgrupo de clasificación:	
Situación administrativa:	
Antigüidade na administración (anos):	
3.- DATOS XERAIS DA FORMACIÓN	
Número de horas de formación:	
4.- DATA DENDE A QUE SE SOLICITA A APLICACIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL:	
5.- EXPOÑO	
- Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Mugardos para o recoñecemento inicial de grao profesional ao abeiro do réxime transitorio do artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Mugardos - Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados na convocatoria para o recoñecemento inicial de grao profesional ao abeiro do réxime transitorio do artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Mugardos. - Que presto consentimento para que os datos persoais facilitados e os derivados do proceso sexan tratados polo Concello de Mugardos, como responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar o procedemento nos termos establecidos nos citados regulamento e convocatoria.	
5.- DECLARACIÓNS RESPONSABLES	
Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade: - Que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúno as condicións esixidas na citada convocatoria, comprometéndome a probalo documentalmente. - Que o modelo de solicitude de participación no proceso selectivo e demais documentación complementaria presentados para participar na presente convocatoria son os facilitados pola entidade convocante.	
Por todo iso, SOLICITO:	
A incorporación de oficio ao expediente de certificación acreditativa do tempo de servizos prestados no Concello de Mugardos: ☐ Si ☐ Non	
O recoñecemento inicial do seguinte grao: ☐ Grao I ☐ Grao II ☐ Grao III ☐ Grao IV	
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
☐	Formulario de achega de documentación xustificativa segundo o modelo recollido no anexo II da convocatoria, debidamente cumprimentado nos seus diversos apartados
☐	Documentación acreditativa das actividades formativas realizadas segundo as áreas marcadas no Anexo de obxectivos prioritarios xerais período 2025-2030, obrante no Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello de Mugardos.
☐	De ser o caso, documento acreditativo do outorgamento da representación, segundo o modelo recollido no anexo III da convocatoria.
Mugardos, _____ de _____ de 202__	
Sinatura: _____	
Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos	

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@MUGARDOS.GAL.

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal.

ANEXO II – FORMULARIO DE ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

RECOÑECIMENTO inicial de grao profesional ao abeiro do réxime transitorio do artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello de Mugardos (BOP NÚM. 216, DE DATA 11.11.2025)	
Datos da convocatoria extraordinaria	
Data anuncio Convocatoria:	Graos convocados: I, II, III e IV
DATOS DA PERSOA INTERESADA	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	

A) Tempo de exercicio profesional no Concello de Mugardos

A.1.- Tempo de exercicio profesional desempeñado en cada unha das categorías nas que teña prestado servizos no Concello de Mugardos.

Corpo/Escala/Categoría	Grupo/Subgrupo de clasificación profesional	Tempo de exercicio profesional		
		Anos	Meses	Días

A.2.- Tempo total de exercicio profesional desempeñado en cada un dos grupos de clasificación profesional nos que teña prestado servizos no Concello de Mugardos.

Grupo/Subgrupo de clasificación	Tempo total de exercicio profesional		
	Anos	Meses	Días
Tempo total de exercicio profesional no Grupo A1 ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo A2 ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo B ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo C1 ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo C2 ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo AA.PP ou equivalente			

B) Tempo de exercicio profesional noutras administracións

B.1.- Tempo de exercicio profesional desempeñado en cada unha das categorías nas que teña prestado servizos noutras administracións da cal se presenta documentación acreditativa:

Administración	Corpo/Escala/Categoría	Grupo/Subgrupo de clasificación profesional	Tempo de exercicio profesional		
			Anos	Meses	Días

B.2.- Tempo de exercicio profesional desempeñado en cada unha das categorías nas que teña prestado servizos noutras administracións, cuxa documentación acreditativa xa obra no meu expediente persoal, e para o cal non presento documentación acreditativa:

Administración	Corpo/Escala/Categoría	Grupo/Subgrupo de clasificación profesional	Tempo de exercicio profesional		
			Anos	Meses	Días

Administración	Corpo/Escala/Categoría	Grupo/Subgrupo de clasificación profesional	Tempo de exercicio profesional		
			Anos	Meses	Días

B.3.- Cumprimentar a táboa indicando o tempo total de exercicio profesional desempeñado en cada un dos grupos de clasificación profesional nos que teña prestado servizos noutras administracións.

Grupo/Subgrupo de clasificación	Tempo total de exercicio profesional		
	Anos	Meses	Días
Tempo total de exercicio profesional no Grupo A1 ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo A2 ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo B ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo C1 ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo C2 ou equivalente			
Tempo total de exercicio profesional no Grupo AA.PP ou equivalente			

Total anos de exercicio profesional (A + B):

Total anos de exercicio profesional (total A + B)

C) Cursos de Formación

C.1.- Cursos e xornadas de formación dos cales se presenta documentación acreditativa:

C.1.1.- Área administración electrónica e competencias dixitais

Denominación do curso/xornada formativa	Entidade organizadora	Programa formativo (marcar en caso de que no certificado acreditativo figure o programa formativo do curso)	Núm. de horas
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	

Denominación do curso/xornada formativa	Entidade organizadora	Programa formativo (marcar en caso de que no certificado acreditativo figure o programa formativo do curso)	Núm. de horas
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		Total:	

C.1.2.- Área servizos públicos locais, xestión administrativa e atención á cidadanía

Denominación do curso/xornada formativa	Entidade organizadora	Programa formativo (marcar en caso de que no certificado acreditativo figure o programa formativo do curso)	Núm. de horas
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
			Total:

C.1.3.- Área seguridade no traballo

[illegible]

Denominación do curso/xornada formativa	Entidade organizadora	Programa formativo (marcar en caso de que no certificado acreditativo figure o programa formativo do curso)	Núm. de horas
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		Total:	

C.2.- Cursos e xornadas de formación que xa obran no meu expediente persoal e para os cales non presento documentación acreditativa:

C.2.1.- Área administración electrónica e competencias dixitais

Denominación do curso/xornada formativa	Entidade organizadora	Programa formativo (marcar en caso de que no certificado acreditativo figure o programa formativo do curso)	Núm. de horas
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
			Total:

C.2.2.- Área servizos públicos locais, xestión administrativa e atención á cidadanía

[illegible]

Denominación do curso/xornada formativa	Entidade organizadora	Programa formativo (marcar en caso de que no certificado acreditativo figure o programa formativo do curso)	Núm. de horas
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		Total:	

C.2.3.- Área seguridade no traballo

Denominación do curso/xornada formativa	Entidade organizadora	Programa formativo (marcar en caso de que no certificado acreditativo figure o programa formativo do curso)	Núm. de horas
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		☐	
		Total:	

Total número de horas de formación (C.1 + C.2):

Total Núm. de horas de formación (Total C.1 + Total C.2)

Mugardos, ____ de ____ de 202__

Sinatura: _____

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos

ANEXO III – OUTORGAMENTO DE REPRESENTACIÓN ADMINISTRATIVA

RECOÑECIMENTO inicial de grao profesional ao abeiro do réxime transitorio do artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello de Mugardos (BOP NÚM. 216, DE DATA 11.11.2025)	
Datos da convocatoria extraordinaria	
Data anuncio Convocatoria:	Graos convocados: I, II, III e IV
DATOS SOLICITANTE (Persoa outorgante)	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	
DATOS REPRESENTANTE	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	
NOTIFICACIÓNS (elixir só unha opción)	
☐ Notificación postal ☐ Medios electrónicos	
AUTORIZA	
A persoa outorgante declara que confire representación nos termos que a continuación se indican a favor da persoa identificada como representante para o procedemento de recoñecemento inicial de grao profesional ao abeiro do réxime transitorio do artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Mugardos Con relación a dito procedemento, o representante poderá exercer as seguintes facultades: facilitar a práctica de cantas actuación sexan precisas para a instrución do expediente, aportar cantos datos e documentos se soliciten ou se interesen, recibir todo tipo de notificación, formular petición e solicitudes, presentar escritos, alegacións e recursos; desistir do procedemento ou renunciar a acción e, en xeral, realizar cantas actuacións correspondan ao outorgante no curso de dito procedemento.	
ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN	
Coa sinatura do presente escrito, o representante acepta a representación conferida e responde da autenticidade da sinatura do outorgante.	
Mugardos, ____ de ____ de 202 ____	
O solicitante declara que os datos expresados son certos, polo que se fai responsable das inexactitudes ou erros que conteña.	
Sinatura outorgante: _____ Sinatura representante: _____	
Este documento pode ser asinado electronicamente	
Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos	

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@MUGARDOS.GAL.

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.
O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal.

En Mugardos, a 3 de febreiro de 2026.
O Alcalde,
Juan Domingo de Deus Fonticoba